

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	 Universida de Vigo	

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTE, A TRAVÉS DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE, E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN CORRESPONSABLES

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, Don Diego Calvo Pouso, nomeado vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes a través do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e en uso das competencias establecidas no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Doutra parte,

Don Antonio López Díaz, nomeado reitor da Universidade de Santiago de Compostela polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG do 22 de marzo) e en uso das competencias que lle outorgan o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001 e o artigo 85.g) dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, (DOG do 12 de febreiro).

Don Julio E. Abalde Alonso, nomeado reitor da Universidade da Coruña a través do Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro (DOG do 13 de xaneiro), e en uso das competencias que lle outorgan o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA  MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	 Universidade de Vigo	

decembro, de universidades e o artigo 36.1.f) dos Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 do outubro).

Don Manuel Joaquín Reigosa Roger, nomeado reitor da Universidade de Vigo, en virtude do Decreto 110/2022, do 9 de xuño, e intervindo no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e o artigo 29.i) dos Estatutos da Universidade de Vigo aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, (DOG do 22 de febreiro).

EXPOÑEN

1. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes segundo o disposto no Decreto 58/2022, de 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte segundo o disposto no Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia. En concreto correspóndenlle á Secretaría Xeral para o Deporte, entre outras, a promoción e a difusión da actividade física e do deporte, a realización de todas aquelas accións encamiñadas á mellora da actividade física e deportiva, así como, a través da Subdirección Xeral de Plans e Programas, a elaboración de plans e programas relacionados co ámbito deportivo non competitivo, especialmente relativos á promoción da actividade física no conxunto da sociedade e ao desenvolvemento das funcionalidades económica, social e educativa do deporte, e a través do

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA  MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Universidade de Vigo	

Servizo de Deporte en Idade Escolar, do fomento e a promoción da actividade física e deportiva entre a poboación escolar e a elaboración dos plans e programas relacionados co deporte en idade escolar.

2. Segundo o disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, correspóndelle á Administración Autonómica, entre outras, formular políticas transversais de fomento da actividade física, así como a de promover, ordenar e organizar o deporte en idade escolar.

3. O artigo 1.2.c) da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades, establece que son funcións da Universidade ao servizo da sociedade: a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida, e do desenvolvemento económico.

No artigo 41.1 da devandita lei orgánica establece que a universidade desenvolverá unha investigación de calidade e unha xestión eficaz da transferencia do coñecemento e a tecnoloxía, cos obxectivos de contribuír ao avance do coñecemento e do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a competitividade das empresas, a mellora da calidade de vida da cidadanía, o progreso económico e social e un desenvolvemento responsable equitativo e sostible, así como garantir o fomento e a consecución da igualdade

No apartado 2.f) do artigo 41 da lei orgánica se prevén entre os seus obxectivos a coordinación da investigación entre diversas Universidades e centros de investigación, así como a creación de centros ou estruturas mixtas entre as Universidades e outros Organismos públicos e privados de investigación, e, no seu caso, empresas.

Continúa o apartado 3 do artigo 41 que a transferencia do coñecemento é unha función das universidades. Estas determinarán e establecerán os medios e instrumentos necesarios para facilitar a prestación deste servizo social por

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA  MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Universidade de Vigo	

parte do persoal docente e investigador. O exercicio da devandita actividade dará dereito á avaliación dos seus resultados e ao recoñecemento dos méritos alcanzados, como criterio relevante para determinar a súa eficiencia no desenvolvemento da súa actividade profesional.

Por outra banda, nos estatutos das tres universidades se prevé a realización de funcións de difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico e social, dirixidas a todos os membros da comunidade universitaria e á sociedade en xeral, que terán como finalidade, entre outras, de potenciar os diversos grupos e asociacións universitarias que desenvolvan actividades estudiantís, culturais e deportivas.

4. De acordo co previsto no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, creouse a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e en desenvolvemento do mesmo aprobouse o Decreto 73/2022, do 25 de maio polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das Consellerías da Xunta de Galicia, e segundo o establecido no Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, correspóndenlle á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, entre outras, as funcións de planificar, deseñar, coordinar e avaliar a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de promoción da corresponsabilidade entre mulleres e homes no eido persoal, familiar e laboral, así como tamén propor medidas, programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Universidade de Vigo	

económica, laboral, política, social e cultural, e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos.

5. O 24 de febreiro de 2022 aa Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o acordo polo que se fixan os criterios de distribución ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e de Melilla, así como a distribución resultante, do crédito destinado no ano 2022 ao desenvolvemento do Plan Corresponsables.
6. O Plan Corresponsables concíbese no seu primeiro ano de implantación, como unha política semente que permita articular mecanismos en colaboración coas Comunidades Autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla para o apoio específico das necesidades de conciliación das familias con nenos, nenos, mozas e mozos menores de 16 anos inclusive; así como con outros eixos de actuación relacionados coa creación de emprego, a dignificación e recoñecemento da experiencia profesional de coidados, a sensibilización en materia de corresponsabilidade e a articulación de bases informativas de recursos dispoñibles neste campo.
7. O Plan Corresponsables é unha nova política pública que ten por obxecto iniciar o camiño cara á garantía do coidado como un dereito en España desde a óptica da igualdade entre mulleres e homes, ao amparo do artigo 44 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e desde un enfoque de garantía de dereitos universais, á marxe da condición laboral das persoas beneficiarias.
8. O desafío está en deseñar sistemas integrais de coidado desde unha perspectiva de xénero, interseccional e de dereitos humanos que promovan a

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA  MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Universidade de Vigo	

corresponsabilidade entre mulleres e homes, Estado, mercado, familias e comunidade. Sistemas que inclúan políticas articuladas sobre o tempo, os recursos, as prestacións e os servizos públicos universais e de calidade, para satisfacer as distintas necesidades de coidado da poboación, como parte dos sistemas de protección social e desde unha concepción que eleve o dereito ao coidado ao rango e protección doutros Dereitos Humanos.

9. Os obxectivos esenciais deste convenio son, dar cumprimento ao PLAN CORRESPONSABLES e ademais, actuar directamente con programas e accións que incidan directamente na promoción da igualdade entre mulleres e homes fomentando a corresponsabilidade e **favorecendo a conciliación das familias con nenas, nenos, mozas e mozos menores de 16 anos inclusive.**
10. Na data do 1 de marzo de 2022 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Secretaría Xeral para o Deporte asinaron un convenio de colaboración para desenvolver medidas previstas no Plan Corresponsables.

Segundo o disposto na cláusula segunda a Secretaría Xeral para o Deporte comprométese a xestionar axudas directas ás Federacións Deportivas de Galicia para realización de actividades de animación socio deportiva, habilitando servizos de coidado profesional de nenas, nenos e a mocidade de ata 16 anos inclusive, para mellorar a vida cotiá das familias equilibrando o tempo laboral, familiar e persoal.

A estes efectos poderán establecerse, previa aprobación da Comisión de seguimento, novas axudas a outras entidades , ou incluír novas actividades, que polas súas especificidades características e obxecto de actuación resulten idóneas para a execución do PLAN CORRESPONSABLES.

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA  MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Universidade de Vigo	

11. A sinatura deste convenio ten por finalidade a habilitación de coidados a través de actividades de animación socio deportiva, eventos deportivos, obradoiros, campionatos e exhibicións. Tamén se poderán desenvolver accións formativas sobre hábitos de vida saudables, primeiros auxilios no contexto deportivo, nutrición, violencia e igualdade no deporte entre outros temas de interese sempre que xeren accións e actividades tendentes a favorecer a conciliación das familias con nenas, nenos e mozas e mozos menores de ata 16 anos de idade, desde un enfoque de igualdade entre mulleres e homes . Todo elo executarase mediante a acción coordinada e colaborativa pública a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e as Universidades Galegas. Son as únicas entidades publicas que no ámbito da Comunidade Autónoma Galega contan cos coñecementos técnicos, traballos de investigación avanzada na materia, así como dos medios materiais e humanos máis especializados para realizar as actuacións derivadas da realización do obxecto do convenio. Pola singularidade das accións que se van desenvolver ao abeiro deste convenio non é posible promover a concorrência en convocatoria pública.

Por todo isto, as partes asinantes do convenio coinciden en salientar a necesidade da referida colaboración para o desenvolvemento do Plan Corresponsables,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

1.1 O obxecto deste convenio é establecer para o ano 2022 as bases de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia,

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES		 Xacobeo 21-22
	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Universidade de Vigo	

Xustiza e Deportes, a través Secretaría Xeral para o Deporte e a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva, obradoiros, eventos, campionatos e exhibicións. Tamén se poderán desenvolver accións formativas sobre hábitos de vida saudables, primeiros auxilios no contexto deportivo, nutrición, violencia e igualdade no deporte entre outros temas de interese, habilitando servizos de coidados profesionais e fomentando, á vez que a práctica deportiva, á adquisición de hábitos de vida saudable a través da mesma.

Con este convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte financiará os gastos ocasionados con motivo da habilitación de servizos de coidado profesional de nenas, nenos e a mocidade de ata 16 anos inclusive, a través do desenvolvemento das actividades citadas anteriormente, para mellorar a vida cotiá das familias equilibrando o tempo laboral, familiar e persoal.

Ademais, preténdese fomentar a creación de emprego de calidade no sector dos coidados, para garantir a calidade dos servizos prestados a través das bolsas de coidado profesional de cara á promoción da igualdade entre mulleres e homes e fomentar a corresponsabilidade.

Tamén se pretende fomentar a iniciación na práctica de modalidades deportivas, á vez que á adquisición de hábitos de vida saudable a través da práctica do deporte potenciado os beneficios para a saúde física e mental.

Segunda.- Compromisos das partes.

2.1. A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, comprométese a:

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Universidade de Vigo	

a) A participar no deseño e na elaboración da proposta inicial da estratexia de acción colaborativa e plan de traballo, en especial nos aspectos vinculados ao seu ámbito competencial.

b) A contribuir ao financiamento do obxecto deste convenio nos termos previstos na cláusula terceira.

2.2. As Universidades comprométense a:

a) Desenvolver o programa de actividades que figuran como anexo neste convenio e achegar unha memoria valorativa ao remate do mesmo. No caso se ser preciso poderá modificarse a programación das actividades dando traslado á Secretaría Xeral para o Deporte.

b) Contribuir co persoal técnico administrativo propio preciso para a organización, xestión e supervisión do programa de actividades referido no apartado anterior. Non obstante, este cometido tamén se poderá delegar nun medio propio, conveniar ou subcontratar.

c) Facilitar o uso das instalación deportivas necesarias, tanto propias como alleas que sexan obxecto de utilización por parte da Universidade en virtude de calquera tipo de figura xurídica e cuxo emprego non resulte incompatible coa súa natureza.

d) Realizar as seguintes achegas a través da dedicación de medios propios:

- USC: 10.000€ (uso de espazos deportivos propios, dedicación de persoal propio técnico e docente-investigador)

- UDC: 8.000€ (coordinación do programa, uso das instalacións propias, gastos xerais)

- UVIGO: 18.800€ (uso das instalacións propias, dedicación do persoal propio técnico e administración e docente-investigador).

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Universidade de Vigo	

2.3. Os perfís profesionais para o desenvolvemento destas actividades serán: Graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, Graduado/en Mestre/a en Educación Infantil, Graduado/a en Mestre/a de Educación Primaria, Técnica/o Superior en Educación Infantil, Técnica/o Superior en Animación sociocultural e turística, Técnica/o Superior en Ensinanza e animación socio deportiva, Técnica/o Superior en Integración social, Monitoras/es de ocio e tempo libre, Auxiliar de Educación Infantil ou de Xardín de Infancia, Técnicos/as e Monitores deportivos e deben incluírse as diferentes cláusulas de contratación social que favorezan a igualdade de xénero e garantan as mellores condicións laborais posibles.

2.4. As Universidades xestionarán o acceso ás actividades das nenas e nenos, priorizando no acceso ás familias monomarentais, monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou a unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados. Así mesmo, nos procesos de valoración de acceso aos programas e prestacións financiadas por este Plan, terase en conta o nivel de renda e as cargas familiares das persoas que pretendan participar nos mesmos, tendendo a favorecer a gratuidade e a universalidade das actuacións.

2.5. As Universidades, ou no seu caso o ente executor do programa de ser medio propio, poderán delegar, conveniar e/ou subcontratar a coordinación e a organización total o parcial das actividades do proxecto.

Terceira.- Orzamento e financiamento do convenio

O orzamento previsto para a realización do obxecto do presente convenio ascende a 584.678,50 €.

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA  MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	 Universidade de Vigo	

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, colaborará na realización do obxecto do convenio cunha achega de 547.878,5 €, con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.444.0 (código de proxecto 2021 00175), coa seguinte distribución:

- USC: 320.881 €
- UDC: 59.150 €
- UVIGO: 167.847,5 €

A referida achega é unha porcentaxe do importe total do proxecto (93,71%) e financiará exclusivamente unha parte dos custos do convenio, no relativo á habilitación dos servizos de coidados, sen que as Universidades obteñan beneficio ou lucro ningún. A través desta achega financiaranse os seguintes custos:

- a) Os custos salariais e a cotización empresarial á Seguridade Social das persoas que se contraten para a bolsa de coidados conforme co Plan Corresponsables.
- b) Ata un máximo do 5% da contía asignada para afrontar a tramitación dos expedientes administrativos e/ou a coordinación, asistencias técnicas, derivadas da xestión do Plan Corresponsables a través dos custos salariais e a cotización empresarial á Seguridade Social tanto no caso de recorrer a persoas que sexan contratadas como de recorrer a persoas nomeadas entre o persoal da propia Universidade. Estas tarefas tamén se poderán desenvolver a través de medios propios ou contratacións externas.
- c) Os custos referidos aos servizos de limpeza ou mantemento externos ou similar, asesoría xurídica, xestión laboral, auditoría, protección de datos, sistema contable, sistemas de comunicación e difusión ou similares,

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA  MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	 Universidade de Vigo	

servizos informáticos para a xestión de inscricións nas diferentes actividades desenvolvidas así como para o seguimento do proxecto (*memorias, imaxes, datos de participación, perfís, recollida de datos para investigación, etc.*), os gastos derivados da organización de eventos, competicións, exhibicións, etc., tales como os custes de produción do evento (*montaxes e desmontaxes, aluguer de equipos, prestación de servizos técnicos necesarios..*), seguros de accidentes para os participantes, trofeos, medallas, diplomas e agasallos, aluguer de espazos e de material para a práctica físico-deportiva, material deportivo funxible (*menos de 1 ano de duración esperada*), roupa dos participantes e Staff (*camisetas, sudadeiras..*), gastos de streaming, gastos de difusión e comunicación das actividades (*RRSS, xornais, web, etc.*), gastos da imaxe corporativa do proxecto (*lonas, rooll up, outros soportes*), ambulancia e servizos médicos nas actividades/eventos/competicións, arbitrxes, así como aqueloutros que de maneira inequívoca respondan á natureza da actuación e resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo de execución establecido.

- d) Gastos derivados da adquisición de máscaras, luvas, xeles hidroalcohólicos, dispensadores de xel e outros produtos de limpeza e desinfección para a prevención da COVID-19.
- e) Ata un máximo do 5% da contía asignada para gastos xerais (material oficina, custes teléfono, internet, transporte, dietas, etc.)

Cuarta.- Forma de pagamento e xustificación do convenio

4.1 A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA  MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	 Universidade de Vigo	

solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A.

As Universidades para recibir a achega económica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, presentará electronicamente, coa data límite do **25 de decembro** de 2022, a seguinte documentación:

- Un certificado da persoa responsable da Xerencia ou do órgano de control que corresponda, que acredite a toma de razón en contabilidade de que se executou o obxecto do convenio e que as achegas das partes cofinanciadoras foron destinadas ao desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio para a habilitación de coidados.
- Unha memoria asinada pola persoa responsable da Xerencia das actuacións realizadas.

4.2 Non obstante, establécense os seguintes itos para pagamentos parciais:

- Programación das actividades.
- Executado o 25% das actividades programadas.
- Executado o 50% das actividades programadas.
- Executado o 75% das actividades programadas.

Unha vez xustificada a execución de cada ito, e presentado a documentación relacionada no apartado 4.1, as Universidades poderán recibir un pagamento dun 25%, en cada ito, da achega económica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

4.3 A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, asume as tarefas de verificación e

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Universidade de Vigo	

comprobación da xustificación que presente as Universidades para o cumprimento do convenio.

4.4 O pagamento, realizarase na conta bancaria que sinale a Universidade mediante certificado acreditativo da súa titularidade.

4.5 Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento, as Universidades deberán presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- Un certificado de estar ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor (SXP) para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

As Universidades facilitarán toda a información que lle requira a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, así como a Intervención Xeral da comunidade autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Universidade de Vigo	

Quinta.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas, así como nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio, farase constar nun lugar destacado a colaboración das partes asinantes e utilizaranse, en igual tamaño e consideración, os anagramas ou logos que correspondan, segundo o previsto pola normativa de identidade corporativa da Xunta de Galicia e das Universidades. Concretamente a imaxe corporativa da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, da Secretaría Xeral para o Deporte, da Consellería de Emprego e Igualdade, do Plan Corresponsables e do "Ministerio de Igualdade e da Secretaría de Estado de Igualdade e contra la Violencia de Género".

Sexa cal sexa o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

Sexta.- Comisión de seguimento

Crearase unha comisión de seguimento das accións obxecto do presente convenio, facultada para proporlles ás partes as resolucións de cantas dúbidas xurdan na súa execución e presidida pola persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte, ou persoa na que delegue, e integrada ademais por:

- Dúas persoas representantes da Secretaría Xeral para o Deporte, nomeada polo seu titular.
- Unha persoa representante da USC, nomeada polo seu titular.
- Unha persoa representante da UDC, nomeada polo seu titular.
- Unha persoa representante da UVIGO, nomeada polo seu titular.

A comisión de seguimento manterá reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades realizadas e xestionará calquera

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Universidade de Vigo	

modificación que xurda no desenvolvemento do proxecto nun proceso de colaboración mutua entre as partes asinantes. Ás reunións da comisión asistirán os seus membros ou as persoas en quen deleguen.

A comisión poderá adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar o cumprimento do obxecto do presente convenio. Os acordos da comisión serán inmediatamente executivos.

Sétima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura dixital pola persoa asinante que o faga en último lugar e terá vixencia ata o **31 de decembro** do ano 2022, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes asinantes polo incumprimento dos compromisos que nel se recollen, cun mes de antelación polo menos.

Antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un máximo dun ano máis. De prorrogarse o convenio, na correspondente addenda estableceríanse as obrigas concretas das partes asinantes.

Oitava.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (BOE 10-12-2013), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Universidade de Vigo	

Novena.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, as partes asinantes poderán, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. Neste punto e conforme a disposición adicional quinta da Lei 39/2015, o Parlamento rexerese polo previsto na súa normativa específica, no marco dos principios que inspiran a actuación administrativa de acordo coa citada lei.

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA  MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	 Universidade de Vigo	

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo primeira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro(BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Decimo segunda.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Universidade de Vigo	

2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo terceira.- Natureza xurídica e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, será de aplicación á Xunta de Galicia a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, polo que se refire ao contido da colaboración mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público. O artigo 14 prevé que a Administración xeral da comunidade autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais da súa competencia.

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA  MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	 Universidade de Vigo	

Doutra banda, aínda que é un dos negocios xurídicos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade co seu contido as partes asinan telematicamente este convenio.

O Vicepresidente Segundo e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes Diego Calvo Pouso	O Reitor da Universidade de Santiago de Compostela Antonio López Díaz
O Reitor da Universidade da Coruña Julio E. Abalde Alonso	O Reitor da Universidade de Vigo Manuel Joaquín Reigosa Roger

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA  MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	 Universidade de Vigo	

ANEXO ACTIVIDADES

1. UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

1.1 ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTE NO MEDIO NATURAL E URBANO (XOGOS TRADICIONAIS, XOGOS ALTERNATIVOS, DEPORTES URBANOS).

Desenvolvemento de actividades de escalada, sendeirismo, xogos tradicionais, xogos alternativos e deportes urbanos -breaking, hip-hop, parkour, calistenia, slackline...). Combinación de actividades dirixidas con exhibicións e organización de eventos participativos.

1.2 TALLERES E COMPETICIÓNS DE PRIMEIROS AUXILIOS NO CONTEXTO DEPORTIVO.

Por unha parte realizaranse obradoiro de primeiros auxilios con nenos nenas vinculadas ás ANPAS, CLUBS DEPORTIVOS, COLECTIVOS DIVERSOS, etc. e por outra organizaranse competicións de primeiros auxilios con simuladores tecnolóxicos e recollendo datos para investigación.

1.3 FOMENTO DA PRÁCTICA DEPORTIVA (INICIACIÓN DEPORTIVA, ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E COMPETICIÓNS DEPORTIVAS).

Da man de máis de 40 entidades deportivas especializadas en diferentes modalidades e especialidades deportivas desenvolveranse actividades de iniciación e promoción deportiva nos concellos da área de influencia da Universidade de Santiago de Compostela. Do mesmo xeito, co ánimo de atraer a atención da poboación máis nova tamén se desenvolverán exhibicións e competicións deportivas, tentando chegar á maior poboación posible.

1.4 ACTIVIDADES A DESENVOLVER AD HOC CO TECIDO ASOCIATIVO VINCULADO A COLECTIVOS (familias monomarentais, monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración).

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA  MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Universidade de Vigo	

Aínda que todas as actividades incluídas na programación teñen como foco fundamental priorizar a participación da poboación xoven vinculada a estes colectivos, preténdese dedicar un apartado ao deseño de accións específicas construídas da man deses colectivos concretos. Con este contacto directo espérase pode identificar público obxectivo para as actividades e manter unha comunicación directa e fluída para posibilitarlles a participación no maior número posible de iniciativas.

1.5 PROXECTO CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE CON COLECTIVOS MENOS FAVORIZADOS (ORO, PLATA Y BRONCE).

Organización de obradoiros de viñetas deportivas e xornadas educativas "os límites no deporte, unha cuestión de seguridade". Son contidos que entroncan moi ben coa filosofía do Plan Corresponsables, toda vez que poñen o foco na prevención da violencia no deporte, na prevención do abuso, na igualdade de oportunidades, etc.

2. UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

2.1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS

1 Actividades náuticas

Fomentar o acceso e a iniciación ás actividades náuticas co fin de potenciar os beneficios para a saúde física e mental.

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA  MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	 Universidade de Vigo	

Realizaranse cursos coa intención de achegar ás/aos rapazas/es a deportes que promovan a autonomía, a relación coa contorna e á natureza.

Para que a conciliación sexa un pilar desta proposta, inclúen o traslado dos participantes aos lugares de realización da actividade.

- o Iniciación ao windsurf – Ferrol
- o Iniciación ao windsurf – Coruña
- o Catamarán

2 Xornadas de iniciación a deportes urbanos e de aventura

Facilitar o acceso ás actividades urbanas e de aventura dun público que doutro xeito podería non ter acceso a este tipo de actividades.

- o Iniciación a Skate
- o Iniciación a Parkour
- o Iniciación a Braking
- o Xornadas de iniciación á Escalada
- o Xornadas de iniciación ao Tiro con arco

2.2. OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS: Charlas divulgativas e de sensibilización

- A UDC acolle durante todo o ano nas súas instalacións aos equipos deportivos de nenos/as da cidade que, de acordo co Concello, adestran e realizan as súas competicións nas instalacións da UDC. Estas xornadas/charlas irán dirixidas aos nenos/as, mozos/as que adestran nas nosas instalacións así como aos seus/súas adestradores/as.

o Os límites no deporte. Unha cuestión de seguridade

o Obradoiros de viñetas deportivas.

o Xornadas de sensibilización e concienciación nos valores da corresponsabilidade e a non violencia a través do deporte. ¿Cómo actuar ante casos de violencia no deporte?

2.3. ACTIVIDADES EN FAMILIA

1 ROTEIROS AO AIRE LIBRE E ROTERIOS E ARTESANÍA

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA  MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Universidade de Vigo	

Actividade familiar que se realizará durante as fins de semana de setembro, outubro e novembro cós rapaces/as e os seus pais/nais e avós/as.

Faranse os traslados en autobús a aquelas localizacións que así o precisen.

2 OUTRAS ACTIVIDADES EN FAMILIA

Estas actividades están dirixidas aos/as rapaces/as e os seus pais, tamén aos profesores:

Charla sobre a violencia no deporte, cómo actuar.

Charla sobre a igualdade e a empatía no deporte

3. UNIVERSIDADE DE VIGO.

3.1 ACTIVIDADES DEPORTIVAS

1 Programa de actividades de iniciación deportiva para mozos/as de ata 16 anos

1.1 Escolas de iniciación deportiva: a desenvolver nos campus do 1 de outubro ao 15 de decembro.

Periodicidade: dúas clases por semana.

- Ourense: Natación e Atletismo ou Tenis
- Pontevedra: Balonmán e Tenis ou Natación
- Vigo: Natación e Tenis ou Escalada

2 Programa de actividades deportivas en familia (pais/nais con fillos/as ata 16 anos)*

2.1 Rutas culturais: dúas rutas (1 en outubro e 1 en novembro). Organización dende o campus de Ourense como parte do programa xeral de Rutas Culturais.

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA  MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	 Universidade de Vigo	

2.2 Actividades de Augaventura: xornadas de surf, kaiak, windsurf e rafting a desenvolver como parte do programa xeral de Actividades no medio acuático – edición de outono.

2.3 Xornadas de Xogos Tradicionais: a desenvolver en datas de fin de semana en cada campus (meses de outubro ou novembro).

3.2 PROXECTOS DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E O DEPORTE

1 Proxecto “Desafógate”

Contidos:

- Elaboración de material multimedia sobre a prevención do afogamento (Conxunto de cortos de vídeo sobre a prevención do afogamento e ensinanza da RCP)
- Elaboración de material gráfico (conto) sobre a prevención do afogamento encargado a escritora Carol Pinedo con ilustración incluída
- Producción e impresión dos contos
- Producción e impresión do Rescube do afogamento
- Obradoiros de ensinanza itinerante da RCP con subcontratación externa (un mes con dúas persoas contratadas a tempo parcial; inclúe material de reanimación e desprazamentos polas provincias obxecto do programa)
- Elaboración do programa e memoria técnica dos resultados. Tramitación de facturas. Rendemento de contas. Supervisión do programa. Grupo REMOSS (UVIGO)

2 Proxecto Interxeracional “COS_AVOS”

Contidos:

- Contratación de Graduados/as en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, que cursaran materias vinculadas con exercicio físico e adultos maiores
- Comunicación e publicidade do proxecto
- Aluguer de equipamento deportivo-tecnolóxico e licenzas de uso
- Formación en hábitos e vida saudable
- Actividades xerais

 XUNTA DE GALICIA	 CORRESPONSABLES	 GOBIERNO DE ESPAÑA  MINISTERIO DE IGUALDAD	 Xacobeo 21-22
 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	 Universidade de Vigo	

- Desprazamento do supervisor do proxecto
- Informe técnico-científico

3.3 ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE CON COLECTIVOS MENOS FAVORECIDOS

1 Obradoiro de Viñetas Deportivas

Contidos:

- xornada de sensibilización: “Situación actual no deporte. Como actuar ante casos de violencia no deporte”. Duración aprox. 1 h. + Grupo de Traballo. Duración aprox. 1 h.

Público: pais, nais, profesorado

- Obradoiro de Viñetas Deportivas: 1,5/2 horas.

Público: nenos, nenas e xoves, pais, nais e profesorado

2 Asistencia ao Congreso “Deporte en Positivo” organizado pola UDC

Contidos:

Participación de estudantado e persoal da Uvigo.

3.4 SERVIZO DE CONCILIACIÓN LABORAL PARA ATENDER AOS/AS FILLOS/AS DE ATA 16 ANOS DO PERSOAL PROPIO DA UVIGO

Dispoñible en cada un dos campus universitarios para atender os/as fillos/as do persoal en datas inhábiles nas localidades de procedencia

Contidos:

- 2 monitores/as en dez datas no campus de Ourense
- 1 monitor/a en dez datas no campus de Pontevedra
- 2 monitores/as en dez datas no campus de Vigo